



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

ACTA Nº 2019/11
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, XOVES 11 DE XULLO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

Don Manuel Fernández Munín

ASISTEN:

Don José Manuel Canabal Vázquez
Dona Ana María Seijo Mosquera
Dona Marta Magina Copóns Neira
Don José Manuel Iglesias Gómez
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Xabier Canabal Fernández
Dona M^a del Carmen Soutullo Carolo
Don Iván Eirís Castro
Dona Ángela Santasmarinas Lorenzo

AUSENCIAS:

Ningún

SECRETARIA-INTERVENTORA:

Eva María Casal Sanjurjo

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

1. Aprobación Acta Anterior
2. Periodicidade das sesións plenarias
3. Designación dos membros da comisión de contas
4. Creación da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias do Pleno
5. Nomeamentos de representantes dos distintos órganos colexiados
6. Designación de cargos con dedicación exclusiva, indemnizacións membros da corporación por asistencias a órganos colexiados e asignación grupos políticos
7. Información de Alcaldía

DELIBERACIONES

As deliberacións correspondentes ós puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión e publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:

<https://www.boqueixon.com/2019/07/16/sesion-do-pleno-da-corporacion-municipal-do-11-de-xullo-de-2019/>

ACORDOS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a Acta da sesión do Pleno de Constitución da nova Corporación e de elección de Alcalde, realizado o día 15 de xuño de 2019.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

2. Periodicidade de sesións plenarias

Para os efectos de dar cumprimento ó disposto no art. 38.a do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e do art. 20 do Regulamento das Corporacións Locais, por maioría, cos votos a favor do grupo municipal Partido Popular e os votos en contra do grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón, o Pleno da Corporación, ACORDA:

1.- Que o Concello Pleno realice as sesións ordinarias de conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, 78.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e 210.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e do artigo 20 do Regulamento Orgánico cada dous meses (xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro) o segundo mércores, ás 20.30 h da tarde .

En caso de tratarse de día festivo ou inhábil, celebrarase ó seguinte mércores.

2.- Publicar este acordo no BOP

Neste punto a secretaría fai mención á corrección do erro de transcripción que se fai neste punto, posto que onde poñía “ Regulamento orgánico da corporación”, se corrixiu por “Regulamento das Corporacións Locais”.

3. Designación dos membros da comisión de contas

Constituída a nova corporación no Pleno realizado o día 15 de xuño de 2019, e ó ter que nomear ós membros que integran a comisión de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

contas, esta Alcaldía, tendo en conta a proposta da Agrupación de Veciñ@s de Boqueixón, por unanimidade, o Pleno da Corporación, ACORDA:

1.- Nomear aos seguintes membros da Comisión de Contas:

Presidente titular	D. Manuel Fernández Munín
Suplente	D. José Manuel Canabal Vázquez
Vogal 1	D. José Manuel Iglesias Gómez
Suplente	D. Jesús Sanjuás Mera
Vogal 2	D. Alejandro Bermúdez Devesa
Suplente	D ^a . Ana M ^a Seijo Mosquera
Vogal 3	D ^a Marta Magina Copóns Neira
Vogal 4	D. Xabier Canabal Fernández
Suplente	D. Iván Eiris Castro
Vogal 5	D ^a M ^a Carmen Soutullo Carolo
Suplente	D ^a Angela Santasmarinas Lorenzo

2.- Publicar este acordo no BOP

4.- Creación da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias

Ó terse constituída a nova corporación na sesión que tivo lugar o día 15 de xuño de 2019 e sendo conveniente que exista no concello Xunta de Goberno Local co fin de prestar asistencia á alcaldía e mesmo exercer as atribucións que o alcalde, o Pleno ou as leis lle atribúan, por maioría, cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular e os votos en contra do grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón, o Pleno da Corporación, ACORDA:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

1. Constituír a Xunta de Goberno Local no Concello de Boqueixón.
2. Esta Xunta de Goberno estará integrada, tal como establece o art. 23.1 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local , por tres concelleiros (equivalente ao terzo do número legal de membros da corporación que son once) designados polo alcalde, que a presidirá.
3. Delegar na Xunta de Goberno Local, o exercicio das seguintes atribucións, competencia do Pleno :
 - j) O exercicio de accións xudiciais , administrativas e a defensa da corporación en materia de competencia plenaria.
 - k) A declaración de lesividade dos actos do concello.
 - m) A concertación das operacións de crédito cuxo importe acumulado, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto , salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior , todo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais, e tendo en conta o previsto no apartado 2 letra L , do artigo 47 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.
 - n) As contratacións de toda clase (obras, subministros, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e os contratos privados) cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e as plurianuais de menos duración , cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

ordinarios do presuposto do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior o importe sinalado nesta letra.

ñ) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos, salvo no caso de contratos de obras cuxo período de execución exceda do presuposto anual e cuxos proxectos fosen redactados independentemente para cada unha das partes da obra.

o) A adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto e, en todo caso cando sexa superior a tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor supere a porcentaxe e contía indicadas ou sexan bens declarados de valor histórico artístico calquera que sexa o seu valor, salvo nos casos previstos no apartado 2 letras j, m e ñ do artigo 47 da lei reguladora das bases de réxime local.

Neste punto, tras o debate entre os concelleiros, a secretaria aclara que as Xuntas de Goberno non son públicas, pero que en todo caso, as actas si se comunican e se trasladan a todos os concelleiros.

5.- Nomeamentos de representantes dos distintos órganos colexiados

Tendo que nomear aos representantes nos distintos órganos colexiados e tendo en conta a proposta da agrupación Veciñ@s de Boqueixón asinada o día 4 de xullo, propónse designar aos representantes nos diferentes órganos colexiados, polo que, por

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

maioría, cos votos a favor do Partido Popular e os votos en contra do grupo Veciñ@s de Boqueixón, o Pleno da Corporación, ACORDA:

1. Nomear representantes no Consello Escolar a :
 - Titular: dona Marta Magina Copóns Neira
 - Suplente: don José Manuel Canabal Vázquez

2. Nomear representantes no padroado da Fundación Pedro Pérez a:
 - Presidente titular: don Manuel Fernández Munín
 - Suplente: don José Manuel Canabal Vázquez
 - Vogal 1: dona Ana M^a Seijo Mosquera
 - Suplente: dona Marta Magina Copóns Neira
 - Vogal 2: don Iván Eiris Castro
 - Suplente: dona Angela Santasmarinas Lorenzo
 - Vogal 3: Ángeles Villar Couto (Alcaldesa pedánea de Ledesma)
 - Vogal 4: Manuel Cao González (Alcalde pedáneo de Ledesma)
 - Vogal 5: director do CPI Antonio Orza Couto

3. Nomear membros da Mesa de Contratación a:
 - Presidenta titular: don José Manuel Canabal Vázquez
 - Suplente: don Jesús Sanjuás Mera
 - Vogal 1: dona Ana María Seijo Mosquera
 - Suplente 1: dona Marta Magina Copóns Neira

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

4. Nomear representante de Terras de Compostela a don Jesús Sanjuás Mera, e como suplente a D. Manuel Fernández Munín.

5. Nomear representante da Xunta de Compensación SAUI a don Jesús Sanjuás Mera, e como suplente a D. Manuel Fernández Munín.

6. Nomear representante da Fundación Refuxio de Animais de Bando a don Manuel Fernández Munín, e como suplente a D. Jesús Sanjuás Mera.

6.- Designación de cargos con dedicación exclusiva, indemnizacións membros da corporación polas asistencias a órganos colexiados e asignación grupos políticos

Con data 15 de xuño de 2019 constituíuse a nova corporación con ocasión das eleccións municipais realizadas o día 26 de maio de 2019.

Consonte ó establecido no ROF no seu art. 38, dentro dos trinta días seguintes ó da realización da sesión constitutiva, o alcalde convocará a sesión extraordinaria do Pleno o coa finalidade de resolver entre outros a designación dos cargos con dedicación exclusiva e as indemnizacións ós membros da corporación.

Sendo necesaria a designación de tres cargos municipais que desempeñen ás súas funcións no concello con dedicación exclusiva e tendo en conta o artigo 75 ter da Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da administración local que establece que os concellos con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva, como máximo tres cargos públicos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11

Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

Tendo en conta, así mesmo, que o límite máximo a percibir por todos os conceptos retributivos e asistencias (excluídos os trienios aos que no seu caso teñen dereito os funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais) en concellos de ata 5.000 habitantes é de 40.000 €, propónse ao pleno a aprobación de tres exclusivas no concello de Boqueixón.

Visto o informe da secretaria interventora de data 8 de xullo de 2019, e tras a votación, por maioría, cos votos a favor do Partido Popular e os votos en contra do grupo Veciñ@s de Boqueixón, o Pleno da Corporación, ACORDA:

1. Aprobar dúas dedicacións exclusivas e unha dedicación parcial no concello de Boqueixón, asignándolle ó alcalde, don Manuel Fernández Munín, e ó concelleiro Jesús Sanjuás Mera unha dedicación ó 100% e ó concelleiro José Manuel Iglesias Gómez unha dedicación ó 75%.

2. Aprobar as seguintes retribucións:

a) Alcalde: Salario bruto anual en 14 pagas: 35.000,00 €

b) D. Jesús Sanjuás Mera: Salario bruto anual en 14 pagas: 26.000,00 €

c) D. José Manuel Iglesias Gómez: Salario bruto anual en 14 pagas: 23.900,00

3. Aprobar o aboamento das seguintes asistencias ós seguintes órganos colexiados:

Plenos: 120 €/sesión

Xuntas de Goberno: 120 €/sesión

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

Comisión de Contas: 120 €/sesión

Mesas Contratación: 120 €/sesión

Cando nun mesmo día teña lugar máis dunha sesión en horario continuo, só se percibirá unha asistencia.

Gastos de locomoción: Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos, por comisión de servizos ou xestións oficiais, dispostos pola Corporación, polo seu Presidente ou por outros órganos competentes, serán aboados previa a presentación dos correspondentes xustificantes.

No caso de utilizar vehículo propio, aboaranse as indemnizacións aplicables nas administracións públicas.

4. Axudas de custo :

No que respecta ás axudas de custo, aboaranse os gastos xustificados que presenten, tanto o alcalde como os demais membros da corporación, por traslados fóra da localidade.

5. De conformidade co artigo 73.3 da lei de bases propónse ao pleno a asignación, con cargo aos presupostos municipais, aos dous grupos políticos dunha dotación económica, tal como mais adiante se indica.

Asignar aos dous grupos políticos da corporación os seguintes importes:

1. Unha dotación económica trimestral fixa de 50 € por grupo político, (total 400 €/ano).
2. Unha dotación económica de 1.972,72 €/ano ao grupo do PP municipal.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

3. Unha dotación económica de 1.127,27 €/ano ao Grupo Municipal Veciñ@s de Boqueixón.

Esta asignación só se pode utilizar para gastos de funcionamento do grupo, como son os gastos de papelería, material de oficina, comunicacións, desprazamentos etc… O grupo receptor da dotación económica está obrigado a levar unha contabilidade específica e a render contas do seu emprego á intervención municipal anualmente, antes do devengo da nova percepción, e ao pleno cando este o requira.

6. Publicar este acordo no BOP

6.- Información da Alcaldía

Dáse conta das Resolucións de Alcaldía, que se transcriben a continuación:

“ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENCIAS DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE:2019/G003/000146

ANTECEDENTES:

Na sesión plenaria que tivo lugar o 15 de xuño do 2019 procedeuse o nomeamento de novo alcalde, co cal e de acordo co disposto na lexislación vixente

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

1) Nomear titulares das tenencias da alcaldía aos seguintes concelleiros :

Primeira tenencia de alcaldía: D^a Ana M^a Seijo Mosquera

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

Segunda tenencia de alcaldía: D. José Manuel Canabal Vázquez

Terceira tenencia da alcaldía: D^a Marta Magina Copóns Neira

2) Corresponderá aos nomeados, substituír a esta alcaldía no exercicio das súas atribucións e nos supostos legalmente previstos.

3) Notificar esta resolución ás persoas designadas co fin de que presten, no seu caso a aceptación dos ditos cargos.

4) Remitir un anuncio dos nomeamentos para a súa inserción no BOP e publicalas así mesmo, no taboleiro de edictos do concello.

5) Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que celebre.

6) Os nomeamentos serán efectivos desde o día seguinte á data desta resolución.

En Boqueixón, mércores 3 de xullo de 2019

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

ASUNTO: NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO

EXPEDIENTE:2019/G003/000147

ANTECEDENTES:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

Na sesión plenaria que tivo lugar o 15 de xuño do 2019 procedeuse co nomeamento de novo alcalde, o cal modifica a composición da Xunta de Goberno Local, polo que de acordo coa lexislación vixente,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

1. Nomear membros da Xunta de Goberno a:

D^a Ana María Seijo Mosquera

D. José Manuel Canabal Vázquez

D^a Marta Magina Copóns Neira

2. Corresponderá a Xunta de Goberno e baixo presidencia desta alcaldía, a asistencia permanente á mesma no exercicio das súas atribucións así como as que lle delegue a alcaldía ou calquera outro órgano municipal ou que expresamente lle atribúan as leis.

3. Notificar esta resolución ás persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.

4. Remitir un anuncio dos nomeamentos para a súa inserción no BOP e no taboleiro de edictos do concello.

5. Dar conta desta resolución ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.

En Boqueixón, mércores 3 de xullo de 2019

O Alcalde/Presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

Manuel Fernández Munín

ASUNTO: DESIGNACIÓN DE CONCELLERÍAS E NOMEAMENTO DE CONCELEIROS- DELEGADOS

EXPEDIENTE:2019/G003/000149

ANTECEDENTES:

Na sesión plenaria que tivo lugar o 15 de xuño de 2019 procedeuse co nomeamento de novo alcalde, polo que procede á designación e o nomeamento dos concelleiros - delegados para a dirección interna e xestión dos correspondentes servizos. Por este motivo,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

1-. Designar as seguintes concellarías e nomear concelleiros - delegados para a dirección interna e xestión do servizo correspondente a:

Manuel Fernández Munín	Alcaldía
Ana M ^a Seijo Mosquera	Área - Concellería de Servizos Sociais e Igualdade
José M. Canabal Vázquez	Área - Concellería de Turismo e Desenvolvemento Local
Marta Magina Copóns Neira	Área - Concellería de Educación, Cultura, Deporte e Xuventude
Alejandro Bermúdez Devesa	Área - Concellaría de Industria, Emprego e Desenvolvemento Económico
José Manuel Iglesias Gómez	Área - Concellaría de Economía e Facenda
Jesús Sanjuás Mera	Área - Concellaría de Servizos Xerais, Seguridade, Medio Ambiente, Vías e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2019/11
Sesión Plenaria
xoves 11 de xullo de 2019

Obras.

En Boqueixón, venres 5 de xullo de 2019

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín”

Ás 21:39 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria-interventora, dou fe.

Boqueixón, luns 22 de xullo de 2019

A secretaria-interventora, Eva María Casal Sanjurjo

O Alcalde, Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)